



Axencia Tributaria
de Galicia



CONVENIO ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E AS OFICINAS LIQUIDADORAS DE DISTRITO HIPOTECARIO DA PROVINCIA DA CORUÑA

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. D. _____ na súa condición de Presidente da Axencia Tributaria de Galicia, en nome e representación da devandita entidade, e en virtude das facultades que lle conceden as normas xurídicas que regulan o exercicio do seu cargo, e sinaladamente o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

Doutra parte, a Sr. D _____, na súa condición de Decano-Presidente da Asemblea de Rexistradores de Galicia.

Recoñécense mutua e reciprocamente ambas as dúas partes a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

Que se encomendaron a determinadas oficinas liquidadoras de distrito hipotecario funcións relativas á aplicación, revisión ou exercicio da potestade sancionadora, no imposto sobre sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, segundo o establecido no Anexo I da Orde do 19 de decembro de 2012 da Consellería de Facenda.





Que dado que a vixencia do Convenio subscrito entre a Axencia Tributaria de Galicia e as oficinas liquidadoras de distrito hipotecario finaliza o 31 de decembro de 2025, resulta necesario proceder a dar novo tratamento ás relacións entre ambas.

Segundo o exposto anteriormente, este convenio regulará as relacións entre as oficinas liquidadoras de distrito hipotecario de A Coruña e a Axencia Tributaria de Galicia derivadas da encomenda.

Nesta regulación se diferencian dous grandes grupos, un relativo á fixación de contías a percibir polos titulares das oficinas liquidadoras de distrito hipotecario de A Coruña como compensación dos gastos derivados da aplicación dos citados impostos e o outro relativo ás relacións funcionais entre as oficinas mencionadas e a Axencia Tributaria de Galicia, competentes por natureza para o desempeño das funcións aplicativas, revisoras e sancionadoras dos tributos cedidos. A estes dous grupos se refiren as distintas cláusulas do presente convenio.

Por todo o anterior, os comparecentes, na representación que exercen, proceden a formalizar o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

1.- O presente convenio ten como obxecto establecer un marco de colaboración apropiado entre a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) e as oficinas liquidadoras de distrito hipotecario (en adiante, OOLLDH) cuxo ámbito territorial se atope na provincia de A Coruña coa finalidade de facilitar ás oficinas as





tarefas de aplicación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns, ao mesmo tempo que se mellora a eficiencia na prestación dos servizos encomendados a estas.

2.- No marco do presente Convenio fíxanse:

- a) A obriga da ATRIGA de subministrar o material normalizado, os programas informáticos e as canles de comunicación necesarios para que as oficinas poidan desempeñar as tarefas de xestión e liquidación dos impostos.
- b) As cantidades a percibir polo titular das OOLLDH cuxo ámbito territorial se atope na provincia de A Coruña, como compensación dos gastos derivados da aplicación dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns.
- c) As normas aplicables a distintos aspectos das funcións encomendadas ás OOLLDH no ámbito dos impostos referenciados, con especial consideración ás relacións entre esas oficinas e a ATRIGA.

SEGUNDA.- Importe da compensación

As OOLLDH percibirán en concepto de compensación as seguintes cantidades (IVE non engadido):

- a) O resultado de aplicar as porcentaxes sinaladas a seguir sobre as cantidades "a ingresar" correspondentes ás autoliquidacións dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns das que sexa competente a oficina liquidadora, segundo a seguinte escala:

Ata 2.000.000,00 € 2%





De 2.000.000,01 ata 18.000.000,00 € 1'5%

De 18.000.000,01 € en adiante 1%

b) O resultado de aplicar a porcentaxe do 6% sobre as cantidades "a ingresar" correspondentes ás liquidacións dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns.

c) Por cada autoliquidación tramitada sen cota a ingresar, exenta ou non suxeita, unha cantidade fixa de 15 euros, no caso do imposto sobre sucesións e doazóns, e de 9 euros no caso do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Por cada expediente/liquidación do concepto documento sucesorio, unha cantidade fixa de 9 euros.

TERCEIRA.- Compensación mínima e máxima

1.- Establécese unha compensación mínima en todo caso por OLDH de 40.000 euros anuais (IVE non engadido). Se as cantidades percibidas anualmente en concepto de compensación foran inferiores ao indicado mínimo, a diferenza entre o devindicado e a devandita cifra se cobrará na forma indicada na cláusula cuarta.

2.- Fíxase un máximo de 210.000 euros anuais (IVE non engadido) para cada OLDH, aplicando o sistema establecido na cláusula segunda. Unha vez percibida esa cantidade, as OOLLDH percibirán en concepto de compensación as seguintes cantidades (IVE non engadido):

a) O resultado de aplicar as porcentaxes sinaladas a seguir sobre as cantidades "a ingresar" correspondentes ás autoliquidacións dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns das que sexa competente a oficina liquidadora, segundo a seguinte





escala:

Ata 2.000.000,00 € 0'7%

De 2.000.000,01 ata 18.000.000,00 € 0'5%

De 18.000.000,01 € en adiante 0'4%.

b) O resultado de aplicar a porcentaxe do 2% sobre as cantidades "a ingresar" correspondentes ás liquidacións dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns.

c) Por cada autoliquidación tramitada sen cota a ingresar, exenta ou non suxeita unha cantidade fixa de 3 euros, tanto no caso do imposto sobre sucesións e doazóns como no caso do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

3.- As compensacións que resulten en virtude das cláusulas contidas neste convenio serán percibidas, exclusivamente e na súa totalidade, polos titulares das OOLLDH competentes para realizar as funcións encomendadas.

CUARTA.- Procedemento de cobro de compensacións ordinarias

1. A percepción das cantidades a que se refiren as cláusulas anteriores realizarase polo procedemento de pago directo á conta da OLDH, atendendo ao importe que figura como "a ingresar" nas autoliquidacións presentadas e nas liquidacións practicadas pola OLDH.

2. Se se tivera facturado unha autoliquidación presentada ante a OLDH para a que se ditara un acordo de incompetencia, detraerase na factura correspondente a cantidade previamente facturada.

3. Se como consecuencia dun procedemento de revisión ou dun recurso xudicial, se producise un cambio no importe da cantidade a ingresar, este se terá en conta





na facturación. Neste caso, anulada a segunda liquidación, retribuirase esta pola cantidade fixa de 15 euros, no caso do imposto sobre sucesións e doazóns, e de 9 euros no caso do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

4. A facturación realizarase cun tempo de espera dun mes, coa finalidade de que durante este se podan emendar posibles erros xurdidos na gravación dos datos por parte da OLDH.

QUINTA.- Gastos a cargo do rexistrador

1.- Os gastos xerais e os de material e persoal de cada OLDH, serán totalmente a cargo do titular do Rexistro. O persoal asignado ás tarefas encomendadas en materia tributaria será o suficiente para a correcta xestión destas.

2.- Os gastos derivados dos equipos informáticos utilizados có programa XEITO e das comunicacións de datos necesarias para o funcionamento do devandito programa correrán a cargo da ATRIGA.

SEXTA.- Relacións coa delegación da ATRIGA de A Coruña

Todas as relacións entre as OOLLDH e a Delegación da ATRIGA de A Coruña se efectuarán entre o rexistrador da propiedade titular da OLDH e o/a delegado/a territorial.

SÉTIMA.- Recursos

As OOLLDH remitirán á Delegación da ATRIGA de A Coruña copia de todas as resolucións do Tribunal Económico Administrativo Rexional no prazo de 10 días a partir da súa recepción.





OITAVA.- Comprobación de valores

a) Cando a data de devindicación sexa anterior ao 01/01/2022

1.- A comprobación de valores realizarase segundo o disposto no artigo 57 da Lei Xeral Tributaria. No caso de bens inmobles urbanos, e dereitos reais sobre estes, realizarase por estimación por referencia a valores catastrais, e, no caso de bens inmobles rústicos realizarase polo medio de Prezos Medios no Mercado, segundo o disposto no artigo 57.1.b) e c) da Lei Xeral Tributaria e no artigo 27.Dous e Tres do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado (Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo). No caso de que se trate dun ben non valuable polos medios indicados, a súa valoración efectuarse segundo o establecido no artigo 57.1.e) da Lei Xeral Tributaria e no artigo 27.Catro do Tres do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, empregando a aplicación de valoracións do programa XEITO desenvolvido para as OOLLDH.

2.- Aínda que o expediente deba de ser tramitado pola OLDH segundo a súa competencia, a valoración dos bens deberá de ser realizada, segundo a natureza do ben a valorar, polas Unidades de Valoracións ou as de Inspección da Delegación da ATRIGA que corresponda, nos seguintes supostos:

a) Cando segundo o disposto na Orde de Prezos Medios no Mercado aprobada pola Consellería de Facenda, se trate de bens susceptibles de valoración singular.

b) Cando segundo as instrucións da ATRIGA, o valor comprobado sexa superior ás cantidades establecidas por ese centro directivo ou se presentase recurso contra a valoración realizada pola oficina liquidadora.

c) No suposto de bens que non teñan a consideración de inmobles ou de





dereitos que non recaían sobre este tipo de bens, sempre que conforme á ATRIGA, non exista outro medio específico especialmente idóneo de valoración.

d) Cando no expediente existan bens inmobles ou dereitos sobre estes que se atopen situados fora do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Pola ATRIGA poderán establecerse supostos de comprobación non prioritaria do valor declarado.

b) Cando a devindicación se produza a partir do 01/01/2022

1.- Para aqueles bens que dispoñan de valor referencia, este será a base impositiva de acordo co disposto no artigo 9 da Lei 29/1987, de 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns e no artigo 10 do Texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993 de 24 de setembro. No caso de que se trate dun ben que non teña valor de referencia, a súa valoración efectuarse segundo o establecido no artigo 57.1.e) da Lei Xeral Tributaria e no artigo 27.Catro do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, empregando a aplicación de valoracións do programa XEITO desenvolvido para as OOLLDH.

2.- Aínda que o expediente deba de ser tramitado pola OLDH segundo a súa competencia, a valoración dos bens deberá ser realizada, segundo a natureza do ben a valorar, polas Unidades de Valoracións ou as de Inspección da Delegación da ATRIGA que corresponda.

NOVENA.- Devolucións de ingresos indebidos

1.- Para a devolución de ingresos indebidos seguiranse as seguintes previsións:

a) Se a solicitude do interesado tivera a súa causa nunha duplicidade ou





exceso no pago, pago de débedas prescritas ou de erros de feito ou de dereito padecidos dentro do procedemento de recadación sen que afecte á liquidación ou acto administrativo que orixinou a obriga de ingresar, será competente para a instrución e resolución do expediente a Delegación da ATRIGA de A Coruña, debendo a OLDH remitir o expediente a aquela acompañado do oportuno informe.

b) Se a solicitude do interesado tivera a súa causa nunha autoliquidación ou afecte á liquidación ou acto administrativo que constituíu ao interesado na obriga de ingresar, será competente para a instrución e resolución do expediente a OLDH a que corresponda a xestión do tributo, en canto ao recoñecemento do dereito. Recoñecido este, a execución da devolución corresponderá á Delegación da ATRIGA de A Coruña.

2.- Pola ATRIGA se ditarán as instrucións oportunas para determinar os supostos concretos que corresponden a cada unha das letras anteriores.

DÉCIMA.- Aprazamentos e fraccionamentos

1.- As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento relativas a liquidacións xiradas polas OOLLDH se presentarán na oficina que as practicou.

2.- Corresponde á Delegación da ATRIGA de A Coruña a tramitación e resolución destas solicitudes. A estes efectos, a OLDH procederá a cumprimentar os datos da solicitude para que o expediente informático sexa enviado á delegación territorial, e de forma simultánea, procederase ao envío da documentación necesaria para a tramitación do aprazamento ou fraccionamento.





UNDÉCIMA.- Taxación Pericial Contraditoria

1.- As solicitudes de taxación pericial contraditoria correspondentes ás liquidacións practicadas polas OOLLDH, se presentarán ante estas. Se a solicitude é extemporánea, a mesma OLDH ditará a resolución que proceda.

2.- Cando proceda a práctica da taxación pericial contraditoria, a OLDH suspenderá os prazos para o ingreso da liquidación e os prazos de reclamación contra esta, e remitirá o expediente á Delegación da ATRIGA de A Coruña que realizará a súa instrución ata a súa finalización. Posteriormente a Delegación da ATRIGA de A Coruña remitirá á OLDH o expediente có resultado obtido da taxación pericial contraditoria. Á vista deste, a OLDH confirmará ou rectificará a liquidación inicial e liquidará os correspondentes xuros de mora.

DUODÉCIMA.- Pago de impostos a través de acta

Cando o pago do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados ou do imposto sobre sucesións e doazóns se realice a través de acta de Inspección, o titular de calquera OLDH, poderá estampar no documento, previa acreditación do pago efectivo do imposto mediante exhibición da carta de pago orixinal, o oportuno caxetín no que consignará o número que corresponde á devandita acta, a data en que se realizou o seu pago e o número de conta da entidade financeira en que se fixo efectivo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Relacións cos órganos da Inspección Tributaria e da Intervención da Comunidade Autónoma de Galicia

1.- Conforme aos criterios que se establezan nos Plans anuais de Inspección, a ATRIGA, a través do órgano de Inspección Tributaria competente, poderán solicitar das OOLLDH a remisión daqueles expedientes que se consideren





oportunos. Así mesmo, as OOLLDH poderán remitir aos citados órganos os expedientes que sexan susceptibles de inclusión nos plans anuais.

2.- Igualmente as OOLLDH remitirán ao órgano da Intervención da Comunidade Autónoma competente, aqueles expedientes que lles soliciten en relación coa aplicación dos tributos. A devandita solicitude realizarase a través do órgano a que se refire a cláusula décimo sexta.

DÉCIMO CUARTA.- Sistema informático de xestión tributaria a utilizar polas OOLLDH

1.- As OOLLDH utilizarán para a xestión dos impostos que teñen encomendados o sistema informático XEITO implantado nelas.

2.- Nos supostos en que a ATRIGA autorice a presentación de autoliquidacións por vía telemática, desenvolveranse as oportunas modificacións nos programas de xestión das OOLLDH para adaptalos ás novas formas de presentación, dentro do marco de competencias establecido neste convenio.

DÉCIMO QUINTA.- Establecemento e avaliación dos niveles de actividade das OOLLDH

1. A Comisión Superior de Coordinación de OOLLDH establecerá os obxectivos de xestión e recadación que permitan un seguimento da actividade das OOLLDH. Os obxectivos fixados comunicaranse a cada OOLLDH e serán obxecto de seguimento e avaliación global do seu cumprimento pola Comisión Superior.

O cumprimento ou incumprimento dos obxectivos fixados determinará, nos termos establecidos pola Comisión Superior, o incremento ou diminución das compensacións que se devindiquen como consecuencia da aplicación das cláusulas 2ª, 3ª e 4ª segundo o seguinte baremo:





- Prima de xestión: Atribuirase unha prima de xestión a cada OLDH igual ao resultado de aplicar ás cantidades "a ingresar" a que se refiren as cláusulas 2ª no seu apartado b) e 3ª no seu apartado 2 b), correspondentes ao ano cuxos obxectivos se cumpran, a porcentaxe do 1%. Este importe non poderá ser inferior ao 2% da compensación anual.

- Penalización por incumprimento: polo incumprimento dos obxectivos establecidos aplicarase á compensación total recibida no ano cuxos obxectivos se incumpren, as seguintes porcentaxes redutoras:

Incumprimento do 10% e ata o 20%	Redución do 10%
Incumprimento en mais do 20% e ata o 30%	Redución do 20%
Incumprimento en mais do 30% e ata o 40%	Redución do 30%
Incumprimento en mais do 40%	Redución do 40%

2. As primas de xestión abonaranse coa retribución correspondente ao mes seguinte a aquel no que a Comisión Superior de Coordinación de OOLLDH determine as oficinas ás que lles corresponde.

3. As penalizacións por incumprimento detraeranse das compensacións do mes ou meses seguintes a aquel no que a Comisión Superior de Coordinación de OOLLDH determine as oficinas ás que lles corresponde.

4. Poderá non aplicarse a penalización por incumprimento ou aplicarse nunha porcentaxe inferior á que corresponda, sempre que concorran motivos extraordinarios e insubsanables que impidan ou dificulten o cumprimento dos obxectivos. A aplicación deste apartado será acordada pola Comisión Superior de Coordinación de OLDH e deberá estar suficientemente motivada na acta dea reunión correspondente.





DÉCIMO SEXTA.- Informe do exercicio das funcións de xestión tributaria realizadas polas OOLLDH

1.- O órgano competente da ATRIGA poderá realizar, previa comunicación ao titular da OOLDH, cantas actuacións considere pertinentes en orde a verificar o correcto funcionamento das OOLLDH en canto ao exercicio das funcións que estas teñan encomendadas.

2.- Corresponden a este órgano, as seguintes funcións:

- a) A elevación á Comisión Superior de Coordinación de propostas sobre medidas a adoptar en relación coas anomalías ou irregularidades detectadas nas OOLLDH ou na ATRIGA respecto ás relacións entre esta e aquelas previstas no presente Convenio.
- b) A elevación á ATRIGA daquelas cuestións en que exista disparidade de criterios respecto ás actuacións a desenvolver na recepción das autoliquidacións ou declaracións dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns, entre as OOLLDH.
- c) Seguimento dos problemas derivados da utilización do sistema informático a que se refire a cláusula décimo cuarta.
- d) Seguimento das directrices que estableza a Comisión Superior de Coordinación de OOLLDH e a ATRIGA.

As funcións anteriores tamén poden ser exercidas pola persoa que designen os representantes dos titulares das OOLLDH na Comisión Superior de Coordinación de OOLLDH prevista na cláusula seguinte.

3.- Anualmente o citado órgano remitirá á ATRIGA un informe sobre o modo e a eficacia no desenvolvemento das funcións encomendadas ás OOLLDH.





DÉCIMO SÉTIMA.- Comisión Superior de Coordinación das OOLLDH

1.- A Comisión Superior de Coordinación de OOLLDH, estará presidida pola Directora da ATRIGA, e integrada por cinco representantes da ATRIGA e outros cinco representantes dos titulares das OOLLDH. Como secretario de esta actuará a persoa que designe a ATRIGA de entre o seu persoal.

2.- Corresponde a esta comisión o seguimento, estudio e resolución de cantas cuestións deriven do presente convenio e en particular:

- a) O acordo das medidas a adoptar en relación coas OOLLDH que incorran en anomalías e irregularidades nas funcións encomendadas. Estas medidas poderán alcanzar a diminución do importe da compensación e no seu caso a retirada da encomenda.
- b) O establecemento das directrices xerais en relación coas funcións encomendadas e a súa retribución.
- c) O establecemento dos obxectivos de xestión e recadación fixados para as OOLLDH e a análise dos resultados obtidos.
- d) A determinación das oficinas liquidadoras obxecto da prima de xestión e a penalización por incumprimento.
- e) Os casos nos que por motivos extraordinarios e insubsanables, non se aplicará a penalización por incumprimento, ou se aplicará nunha porcentaxe inferior ao que corresponda.
- f) O establecemento dos mecanismos de información e comunicación entre as OOLLDH e a ATRIGA.
- g) O establecemento dos aspectos puntuais e métodos a utilizar nas visitas de inspección.





3.- A Comisión Superior reunirse tantas veces sexa necesario para o desenvolvemento das súas funcións e como mínimo unha vez ao semestre. Os seus acordos adoptaranse por maioría, coa excepción dos previstos nas letras a) y b), en que se requirirá a unanimidade dos seus membros. En caso de que non se consiga esta, corresponde a decisión á Presidenta da ATRIGA, previo informe e audiencia dos representantes.

4.- A Comisión Superior poderá acordar a constitución de Grupos de traballo, de carácter temporal ou permanente, integrados por representantes da ATRIGA e dos titulares das OOLLDH, para o exercicio das súas funcións, así como para o estudio e coordinación de actuacións concretas en materia tributaria.

DÉCIMO OITAVA.- Protección de datos

Os datos, informes ou antecedentes obtidos polas OOLLDH no exercicio das funcións a que se refire o presente Convenio, teñen carácter reservado e solo poden ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos cuxa xestión teñan encomendada. Estes datos, informes ou antecedentes non poderán ser cedidos ou comunicados a terceiros agás a través do órgano competente da ATRIGA. As OOLLDH adoptarán as medidas necesarias para garantir a confidencialidade desta información e o seu uso adecuado. Todo isto con suxeición ao establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a normativa reguladora da presentación telemática de impostos de referencia, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO NOVENA.- Financiamento

As actuacións previstas no presente Convenio xerarán un gasto mínimo, en cómputo anual, de 629.200,00€ (IVE incluído), que se realizarán con cargo á





partida orzamentaria da ATRIGA 10.A2.621A.227.07, crédito que poderá ser ampliable si así se prevé na lei de orzamentos vixente en cada ano.

En aplicación do previsto na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, a efectividade do presente convenio queda supeditada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

VIXÉSIMA.- Vixencia

O presente Convenio sorte efectos a partir do 1 de xaneiro de 2026 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Para as causas de resolución e os efectos do convenio estarase aos disposto nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O convenio tamén poderá ser resolto por denuncia expresa dunha das partes con tres meses de preaviso.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Natureza

Este convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do seu artigo 6.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.





Segundo o disposto na Disposición Adicional 2ª da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, o presente convenio require autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Este convenio, será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

En proba de conformidade, ambas as dúas partes acordan asinar dixitalmente o presente convenio.

**O PRESIDENTE DA AXENCIA
TRIBUTARIA DE GALICIA**

**O DECANO-PRESIDENTE DA
ASAMBLEA DE REXISTRADORES
DE GALICIA**

